


EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO

DELEGACION  
DE  
CULTURA

*Concerto*  
BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO



Venres, 8 de Setembro de 1995  
ás 8 da tarde no Parque de San Francisco



**Banda Municipal de Ribadeo** redobra a súa participación nas Festas Patronais de Ribadeo ao engadir, aos xa tradicionais concertos de mediodía e tarde no Parque de San Francisco, o magno

**Festival de Bandas** que, organizado pola entidade promotora da Banda, a **Asociación "Amadores da Música"**, terá lugar mañá sábado, 9 de Setembro, na Praza de Abaixo da vila, coa participación das Bandas Xuvenil de Xinzo (Pontearreas) e Sinfónica de Beniaján (Múrcia). Para a correspondente intervención no Festival, a **Banda Municipal de Ribadeo** reserva as composicións de corte máis sinfónico do seu xa moi amplo repertorio. E nos concertos do 8, entón, as pezas de máis favor popular.

A **Freixa**, de R. e F. Groba, é un paso-dobre de forma e fondo absolutamente galegos. A lenta e triste obertura da ópera **La Traviata**, de Verdi, require, para ser captada e desfrutada en todos os seus detalles e matices, o silencio sepulcral do respetábel. Todo Ribadeo tararea polo baixo (e case baila) a suite de aires latinos **Brasiliana**, de Jan Van der Roost, obra que a Banda tocou reiteradamente en Ribadeo nos concertos estivais do pasado ano, daí o seu coñecimento polo público. Non cabe dúbida de que a incorporación da canción **Everything I Do (I Do It For You)**, de Bryan Adams, á banda sonora dunha das últimas versións cinematográficas de **Robin Hood**, a protagonizada por Kevin Costner, foi un acerto, pésie a se tratar dun **lied** de amor no médio doutra música moito máis épica. Tamén é unha canción de amor a habanera **Yo te diré**, de J. Halpern, e tamén pertence a unha película, aínda que ésta moito, moito máis antiga: **Los últimos de Filipinas**. Coa **Marcha Radetzky**, de papá Strauss, a Banda pon cabo a súa participación no día da Patrona, convidando ao público a seguer coas palmas os sons vieneses de homanaxe ao militar Radetzky..., e emplazándoo para mañá na Praza de Abaixo.

**ASOCIACIÓN  
AMADORES DA MÚSICA  
ACADÉMIA DE MÚSICA  
«CARLOS A. FDEZ.-CID»**

**Director  
HERNAN NAVAL**

## Programa

A Freixa (Paso-dobre)..... R. e F. Groba

Prelúdio de "La Traviata"..... G. Verdi

Brasiliana (Suite)..... Jan Van der Roost  
I. Cha-cha-cha  
II. Calypso  
III. Samba

Everything I Do (I Do It For You)..... Bryan Adams

Yo te diré (Habanera)..... J. Halpern

Marcha Radetzky..... Johann Strauss (pai)

